



veciñanza

nota de prensa

Veciñanza reclama que se mellore a seguridade vial na aldea de Meira, na que se incrementou a limitación de velocidade

Un ano despois de ter alertado do risco que presenta o treito da PO 226 que atravesa Meira, o Goberno Municipal non fixo absolutamente nada malia existir un informe da Policía Local que constata que efectivamente existe o perigo que sinalamos

Cuntis, 18 de maio de 2017. Veciñanza levará ao próximo pleno, mediante a presentación dunha moción, a seguridade vial na aldea de Meira. Fai xa máis dun ano que incomprendiblemente se incrementou a velocidade máxima permitida na estrada PO 226, no treito que atravesa o lugar de Meira e que une os concellos de Cuntis e Moraña. No pleno de maio do ano pasado (cúmprese xusto un ano) **Veciñanza preguntara verbalmente ao Alcalde por esa situación, sinalando que era unha acción moi irresponsable ao tratarse dunha zona de alto risco, que conta con dúas curvas sen visibilidade, un bar e varias casas.** O vial é moi transitado diariamente e, lonxe de adoptar medidas de seguridade, incrementouse a limitación de 50 km/h a 70.

A seguridade viaria ten que ser un prioridade incuestionable e Veciñanza lamentou en varias ocasións no pleno municipal esta situación, demandándolle ao Goberno Municipal que lle esixa á Xunta de Galicia (titular do vial) **cando menos a reposición da sinalización anterior, pero tendo en conta que a zona presenta un risco moi considerable e precisa dunha serie de melloras.** A partires desta alarma, a Policía Local de Cuntis elaborou un informe (4/5/2016) no que, entre outras cousas, cita textualmente: "(...) *ao tratarse dunha zona habitada con edificacións 'a pé de vía' non se entende a modificación en canto á velocidade máxima do tramo. No seu lugar entendemos que se debería ter actuado sobre a limitación efectiva a 50 km/h. ou incluso reducila máis no punto de estreitamento e debería habilitar un paso de peóns coma mínimo a fin de garantir o cruce dunha beira a outra da vía con seguridade e promover a construción das beirarrúas dando solución de continuidade ao tramo.*"

Un ano despois a situación segue exactamente igual. A habitual pasividade á que nos ten acostumados/as este Goberno consente nesta ocasión un risco intolerable para veciños/as, viandantes e condutores/as. Veciñanza demandará o compromiso firme do





veciñanza

nota de prensa

conxunto da Corporación e ademais reclama as reformas necesarias no treito en cuestión para tratar de minimizar a situación actual. É imprescindible a mellora do vial, a redución da limitación de velocidade e incluso outros elementos que contribúan á redución do perigo nesta zona. Tal e como se sinala no Informe da Policía local: beirarrúas, pasos de peóns, etc.

A demanda de accións en materia de seguridade vial non se limita a este treito, senón que son necesarias en varios puntos do casco urbano de Cuntis. A acción do Goberno Local nesta materia tamén é nula, polo que Veciñanza reclama unha vez máis que se traballe nesta área para atender unha prioridade como é esta.

